

INFORME VALORATIVO (2004-05)

4ª Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa

Insira aquí o título do Proxecto: E-conta

Nome do profesor do coordinador: Manuel Veiga Carballido

Descrición dos materiais producidos

Trátase de catro materias do núcleo central da titulación (dúas son troncais), con un peso en carga docente considerable, e con un número de alumnos matriculados elevado, para as cales o material que pretendemos poñer a súa disposición e de gran importancia.

Para todas elas demos de alta os cursos correspondentes e os materiais producidos foron os programas si ben tomamos como modelo a seguir o do curso de Contabilidade Financeira que foi na que máis material se elaborou consistindo en:

Programas: en galego e en castelán e en word, o motivo foi que o de ser un programa bastante longo. De tidas formas este curso intentaremos facelo coa ferramenta da propia plataforma.

Módulo de contidos: aquí fomos descompoñendo tema por tema, e os materiais que se foron deixando aquí eran transparencias que se usan para impartir os contidos da materia nas clases. Este curso excepcionalmente foi moi útil este módulo porque debido a unha baixa por enfermidade do profesor, algúns temas deixáronselles os alumnos completamente elaborados para que os fosen consultando durante ese período de tempo. Este material tamén se foi cargando en formato word, pero pretendemos que no próximo curso se realice en pdf.

Módulo de cualificacións: neste fomos cargando as listaxes dos exames que se foron realizando durante o curso.

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Nome do membro 1: Manuel Veiga Carballido (Profesor)
- Nome do membro 2: Federico García Fernández (Profesor)
- Nome do membro 2: Marcos Vizcaino González (Bolseiro)

O traballo desenvolveuse en dúas fases. Na primeira delas elaboraremos os materiais didácticos necesarios. Na segunda fase tratarase de planificar o uso da WebCT, e dicir, planificación das páxinas de organización e documentos de acceso para os alumnos.

As tarefas foron realizadas de forma coordinada polos tres membros do seguinte xeito:

1º En común planificamos o deseño dos cursos e tratamos empezar por dalos de alta e deseñar os mesmos, tomando como modelo o de Contabilidade Financeira.

2º Os profesores eliximos os materiais a elaborar e posteriormente ou nos mesmos ou por encargo o bolseiro realizámoslos.

3º O seguinte paso era poñelos a disposición dos alumnos e comprobar que non houbera ningún problema para poderen acceder os mesmos.

4º Feito o traballo anterior, dicíáselles nas clases que estaban a súa disposición novos materiais por dúas razóns: a primeira para que non se despistaran e a segunda tan importante ou máis ca primeira para saber si había algún problema para poderen acceder a ditos contidos.

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Obxectivo primeiro: O obxectivo xeral era contribuir, coa elaboración do material didáctico necesario e a súa posta a disposición dos alumnos, a reducir o chamado fracaso académico, a incrementar o nivel dos coñecementos adquiridos polos alumnos e consecuentemente a unha maior satisfacción do profesor polos resultados acadados. Debemos dicir o respecto que non notamos grandes melloras.
- Obxectivo segundo: Poñer en práctica un modelo de curso para continuar durante os próximos anos con el e amplialo a outras materias. Cumprido nun 50%.
- Obxectivo terceiro: Que os alumnos, sobre todo os de primeiro, coñecesen este medio a súa disposición. Por este motivo empezamos deseñando todo para unha materia deste curso e cremos que este obxectivo sí que o conseguimos nun porcentaxe dun 80%, pois déronse de alta a maioría deles e dos que se deron de alta, accederon tamén moitas veces.

Grao de cumprimento do plan de traballo

Tiñamos pensado empezar polas materias de carácter anual e a optativa do primeiro cuadrimestre, para ir elaborando e incorporando o material o máis pronto posible, de tal forma que para decembro estivera a disposición dos alumnos o correspondente ós tres primeiros meses, para xaneiro o dos dous seguintes, e o restante coa antelación necesaria que creamos para o correcto desenvolvemento do curso. Para a materia do segundo cuadrimestre empezariamos a elaboralo material a principios de febreiro, para que cando empezara o cuadrimestre estivera xa a disposición dos alumnos matriculados o material correspondente ós primeiros temas, e o longo do resto do curso ir elaborando o restante.

Debemos dicir que na realidade non así por varios motivos:

1º A demora na alta dos cursos.

2º A demora na resolución das axudas solicitadas.

3º A pouca axuda concedida para poder poñer o proxecto en práctica.

4º O estar de baixa un dos profesores durante un período de tempo considerable.

Resumindo, que empezamos un pouco tarde por unha parte e que non tivemos tempo nin medios suficientes para poder realizar todo o previsto, o que esperamos poder facer o longo do presente curso si dispoñemos de medios. De tódalas maneiras, para a materia elixida consideramos cumprido o traballo nun 70%, pero quedan as outras.

Valoración da experiencia

Nos concibimos esta ferramenta como o seu nome indica, como unha ferramenta máis, que os docentes e os discentes temos a nosa disposición. No noso caso estamos ante un ensino presencial, entón o seu uso debe contribuir a fomentar precisamente a asistencia as clases, por eso nos non somos partidarios de usala para elaborar os chamados apuntes, senón para esquemas, artigos, e outros materiais que son necesarios para impartir as clases. Tamén entendemos que o uso de correo, exames, chats, etc , ferramentas que nos temos pendentes de incorporar son moi beneficiosos para os alumnos. Por todo isto, desde este punto de vista a experiencia cremos que foi e serao aínda máis no futuro moi positiva. Tamén debemos dicir que no caso de un ensino a distancia ou non presencial, a interpretación e completamente distinta.